



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS

Anuncio

Resolución da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data 13 de febreiro de 2019, sobre delegacións de funcións do Presidente no Vicepresidente don Argelio Fernández Queipo, que textualmente di o seguinte:

“Vistas as atribucións conferidas a esta Presidencia pola normativa vixente, art. 34 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, art. 61 do R.D. 2568/86 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e art. 54 do Regulamento Orgánico desta Deputación Provincial.

Visto así mesmo o disposto nos artigos 35.4 da Ley 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 67 do R.D. 2568/86, de acordo cos cales correspondente ós Vicepresidentes substituír na totalidade das súas funcións e por orde do seu nomeamento ó Presidente en casos de ausencia, entre outros, esixíndose nestes casos resolución expresa de delegación, que deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 64.1 e 2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Tendo en conta o anteriormente exposto, e dado que o Presidente desta Deputación, don Darío Campos Conde, se ausentará da provincia os días 14 e 15 de febreiro de 2019, ambos os dous incluídos para asistir á “IV Conferencia de Presidentes de Gobiernos Provinciales” e, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, **RESOLVE**:

1º.- Delegar no Vicepresidente don Argelio Fernández Queipo a totalidade das funcións da Presidencia, os días 14 e 15 de febreiro de 2019, ambos os dous incluídos.

2º.- Notifíquese a presente Resolución ao interesado e comuníquese ao Pleno na vindeira sesión que celebre.

3º.- Ordenar a publicación da presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia”.

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, a trece de febreiro de dous mil dezanove. **O PRESIDENTE**, Darío Campos Conde.- **A SECRETARIA**, María Esther Álvarez Martínez.

R. 0450

SERVIZO DE RECUSOS HUMANOS

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERRO PADECIDO NA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE 24 DE DECEMBRO DE 2018 POLA QUE SE APROBOU A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O ANO 2018

Por Resolución da Presidencia de data 7 de febreiro de 2019, aprobouse a corrección de erro material padecido na Resolución da Presidencia de data 24 de decembro de 2018, no seguinte sentido:

“Vista a proposta do Servizo de Recursos Humanos, manifestando que se detectou erro na proposta relativa á aprobación da Oferta de Emprego Público desta Deputación Provincial para o ano 2018, aprobada por Resolución desta Presidencia de data 24/12/2018; considerando que procede a rectificación do citado erro, de conformidade co disposto no artigo 109.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; e en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Presidencia **RESOLVE**, aprobar á corrección do citado erro no seguinte sentido:

Onde dí:

(...)

4. CONTIDO DA OEP DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL:

(...)

4.1.2. ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL:

PRAZA	Nº	POSTO	Nº
TÉCNICO/A SUPERIOR EDIFICACIÓNS E OBRAS	905	TÉCNICO/A SUPERIOR EDIFICACIÓNS E OBRAS	1471
(...)			
AUXILIAR A.X.	628	AUXILIAR	116
(...)"			

Debe dicir:

4. CONTIDO DA OEP DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL:

(...)

4.1.2. ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL:

PRAZA	Nº	POSTO	Nº
TÉCNICO/A SUPERIOR EDIFICACIÓNS E OBRAS	853	TÉCNICO/A SUPERIOR EDIFICACIÓNS E OBRAS	1337
(...)			
AUXILIAR A.X.	628	AUXILIAR	16
(...)"			

(...)

O que se fai público en cumprimento do determinado no artigo 70.2 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, coa indicación de que a presente Resolución é definitiva, polo que contra ésta os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Presidente da Deputación Provincial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da provincia, ou recurso Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses dende a citada publicación, e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdicción, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Pazo Provincial de Lugo, 8 de febreiro de 2019.- A SECRETARIA, María Esther Álvarez Martínez.

R. 0451

CONCELLOS

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Aprobado definitivamente o expediente administrativo de modificación de crédito nº 3/2018 no orzamento do Concello da Pobra do Brollón para o ano 2018, ó non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público (BOP Nº 008 de data 10/01/2019), en aplicación do disposto nos artigos 169, 170, 171 e 179 do R.D. 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TR da Lei reguladora das Facendas Locais e R.D. 500/90 de 20 de abril, faise público que despois do devandito expediente, o resumo por capítulos do orzamento de gastos e ingresos queda da seguinte forma:

Orzamento de gastos		Orzamento de ingresos	
Capítulo		Capítulo	
1	1.075.318,28	1	920.000,00
2	779.525,98	2	25.000,00
3	7.500,00	3	295.178,00
4	84.829,13	4	1.042.406,00
5	6.000,00	5	2.000,00
6	801.796,48	6	0,00
7	200.000,00	7	302.055,41
8	0,00	8	458.330,46
9	90.000,00	9	0,00
Total	3.044.969,87	Total	3.044.969,87

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de crédito nº 3/2018 no orzamento para o ano 2018, os interesados/as debidamente lexitimados poderán interpor recurso contencioso administrativo consonte ao establecido no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

A Pobra do Brollón, 1 de febreiro de 2019.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 0367

RIBADEO

Anuncio

Aprobación, exposición pública do Padrón da taxa sobre a Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial do Dominio Público Local con Elementos con Finalidade Lucrativa para o exercicio 2019 e apertura do período de cobramento.

Por Decreto desta Alcaldía de data 4 de febreiro de 2019, foi aprobado o Padrón de contribuíntes:

- Padrón da taxa sobre a Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial do Dominio Público Local con Elementos con Finalidade Lucrativa, para o exercicio de 2019, polo importe de vinte e un mil setecentos setenta e nove con cincuenta euros (21.779,50 €).

Exponse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase así mesmo o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 15 de febreiro de 2019 e o 15 de abril de 2019, ambos os dous inclusive.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria e, no seu caso das costas do procedemento de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no regulamento xeral de recadación.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven do presente Padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14,2 apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

A presente publicación, de Edito de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribadeo 4 de febreiro de 2019.- O Alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 0368

O VICEDO

Anuncio

Por resolución da Alcaldía de 23 de xaneiro de 2019 prestouse aprobación ás bases para a selección, mediante concurso oposición, dun peón de servizos múltiples, a xornada completa, como persoal laboral temporal do Concello do Vicedo con adscrición ó servizo de obras e mantemento do Concello do Vicedo (programa “Fomento do Emprego Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2018”).

O prazo para a presentación de solicitudes é de dez días naturais, o cal se computará a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Todas aquelas persoas interesadas en participar no proceso selectivo poderán consultar as bases no taboleiro de edictos do Concello do Vicedo, no blog de emprego do Concello no seguinte enderezo: emplegovicedo.blogspot.com ou na páxina web www.concellodovicedo.org ou na da Excma. Deputación do Lugo.

O Vicedo, 30 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0298

Anuncio

Por resolución da Alcaldía de 23 de xaneiro de 2019 prestouse aprobación ás bases para a selección, mediante concurso oposición, de dous peóns de mantemento de zonas naturais, a xornada completa, como persoal laboral temporal do Concello do Vicedo con adscrición ó servizo de obras e mantemento do Concello do Vicedo (programa “Fomento do Emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2018”).

O prazo para a presentación de solicitudes é de dez días naturais, o cal se computará a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Todas aquelas persoas interesadas en participar no proceso selectivo poderán consultar as bases no taboleiro de edictos do Concello do Vicedo, no blog de emprego do Concello no seguinte enderezo: emplegovicedo.blogspot.com ou na páxina web www.concellodovicedo.org ou na da Excma. Deputación do Lugo.

O Vicedo, 30 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez

R. 0299

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA XULGADO DO SOCIAL N.º 41 MADRID

Anuncio

CEDULA DE NOTIFICACION

D./Dña. MARÍA JOSE GONZÁLEZ HUERGO LETRADO/A DE LA ADMÓN. DE JUSTICIA DEL Juzgado de lo Social nº 41 de Madrid, HAGO SABER:

Que en el procedimiento 176/2018 de este juzgado de lo Social, seguido a instancia de D./Dña. JUAN BAUTISTA PEREZ GARCIA frente a PROTEO GESTION S.L. sobre Ejecución de títulos judiciales se ha dictado la siguiente resolución :

Juzgado de lo Social nº 41 de Madrid

Domicilio: C/ Princesa, 3 , Planta 10 - 28008

Teléfono: 914437965,914437966

Fax: 914437960

44024220

NIG: 28.079.00.4-2018/0026515

AUTOS N°: Despidos / Ceses en general 575/2018

Materia: Despido

EJECUCIÓN N°: 176/2018

EJECUTANTE: D./Dña. JUAN BAUTISTA PEREZ GARCIA

EJECUTADO: PROTEO GESTION S.L.

PARTE DISPOSITIVA

Se declara extinguida la relación laboral que unía a JUAN BAUTISTA PÉREZ GARCÍA con la empresa PROTEO GESTIÓN S.L., con efectos desde esta resolución, condenando a ésta a que abone a aquella la cantidad de **1.343,13 euros**, en concepto de **indemnización**, y la cantidad de **10.707 ,45 euros** en concepto de **salarios de tramitación** desde el despido 13-4-2018 hasta 22-1-2019.

Así, por éste su Auto, lo acuerdo, mando y firmo

MODO DE IMPUGNACION: mediante recurso de REPOSICION ante este Juzgado dentro de los TRES días hábiles siguientes al de su notificación, debiendo el recurrente que no sea trabajador o beneficiario de la Seguridad Social ingresar la cantidad de 25 Euros en la cuenta de este Juzgado abierta en la entidad BANCO DE SANTANDER número de cuenta 5052-0000-64-0176-18.

En Madrid, a veintinueve de enero de dos mil diecinueve.-EL/LA LETRADO/A DE LA ADMÓN. DE JUSTICIA.

R. 0370

COMUNIDADE DE REGANTES DO REGADÍO VALLE DE LEMOS

Anuncio

Alicia Toirán Vega, como Presidenta de la Comunidad de Regantes del Regadío Valle de Lemos convoca a todos los usuarios regantes de este regadío a la Asamblea General Ordinaria que tendrá lugar el Domingo, 24 de febrero de 2019 en el salón de actos del C. F. E. A., de Monforte, antigua Escuela de Capacitación Agraria, sita en C/ Alfredo Braña s/n a las 11,30 en primera convocatoria y 12,00 en segunda, con el siguiente

ORDEN DEL DÍA:

- 1- Lectura y aprobación, si procede, del acta anterior.
- 2- Estado de cuentas de la Comunidad, control de cuentas con la “Asociación para o desenvolvemento do regadío do Valle de Lemos”.
- 3- Obras de mantenimiento que se prevé realizar antes de la próxima campaña de riego.
- 4- Ver que acequias son las que tendrán mayor dificultad para su limpieza.
- 5- Ruegos y preguntas.

Monforte de Lemos, 1 de febrero de 2019.

R. 0371

COMUNIDADE DE USUARIOS DAS FONTES DE CAZÓN, A DA FORESTAL E A DE REGO DE MUROS

Anuncio

JAVIER FRANCISCO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, presidente provisional ou representante designado polos usuarios da **COMUNIDADE DE USUARIOS DAS FONTES DE CAZÓN, A DA FORESTAL E A DE REGO DE MUROS**, DNI 76.580.637-K, domicilio en Penas nº6, Pígara, no concello de Guitiriz, por medio do presente escrito,

CONVOCA a tódolos membros que forman parte da debandita comunidade de usuarios, a **ASAMBLEA CONSTITUTIVA DA COMUNIDADE**, que terá lugar no local social da Escola de Pígara, o vindeiro sábado 2 de marzo de 2019 ás 10:00 horas en primeira convocatoria e as 10:30 horas en segunda convocatoria, coa seguinte orde do día:

- 1.- Constitución da Comunidade e características da mesma.
- 2.- Formalización da relación nominal dos usuarios con expresión de caudal que se pretenda utilizar cos seus datos e firma.
- 3.- Fixar as bases das Ordenanzas e Regulamentos polos que se rexirá a Comunidade
- 4.- Designar a comisión encargada da redacción dos mesmos e a seu presidente.

Guitiriz, 6 de febreiro de 2019.

R. 0372